

VIERNES, 24 de abril de 2009

LUCES

A conexión galega da insurxencia

O filósofo francés Alain Badiou conta en Galicia con varios e fieis tradutores. A súa obra coñeceuse no país antes ca en outros lugares de Europa

DANIEL SALGADO | 24 ABR 2009

Archivado en: [Traducciones](#) [Alain Badiou](#) [Filosofía](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

Pequeno panteón portátil xunta un monllo de elexías polos filósofos mortos. A variedade textual abranxe xéneros diversos, da nota necrolóxica á conferencia para alumnos.

Tampouco existe un fío teórico que una os nomes abordados por Alain Badiou (Rabat, 1937) no seu penúltimo volume: entre o seu mestre, con quen logo rompeu, Louis Althusser, e Jacques Derrida, o espectro é amplo, disímil. "Ao considerar hoxe os innumerábeis filósofos mediáticos, podo dicir que quero a todos aqueles dos que falo neste libro. Si. Quéroos a todos", remata Badiou o seu propio limiar.

"El defende a filosofía pura e vese na obriga de resituala como pensamento crítico, iso é o que máis me interesa de Badiou". Fala Francisco Sampedro, tradutor do Panteón e un dos introdutores da obra do francés en Galicia. "Recuperou a filosofía forte", di, "fronte ao que chama sutura, á filosofía con Nietzsche e Heidegger, á política con Stalin ou á ciencia co positivismo". Sampedro coñeceu o pensamento de Badiou a finais dos 70 e entrou en contacto epistolar con el anos logo: "Escribira un artigo sobre a súa obra na revista Escrita [daquela órgano da AELG] e remitinllo; para a miña sorpresa, respondeume".

A Trabe de Ouro inaugurou a súa andaina con Alain Badiou entre os seus colaboradores: Da fin da filosofía e o nihilismo. Non resultaría a única contribución do filósofo -maoísta aínda en activo nas fileiras de Organisation Politique- que aparecese en galego antes que en ningún outro idioma. "Foi un pensador proscrito durante anos", explica Sampedro, "pero non tiveron máis remedio que se render á evidencia, trátase dun xigante".

Proscrición é a palabra que, casualmente, emprega o outro gran valedor de Badiou no noroeste peninsular. Emilio Araújo, editor de Amastra-n-gallar e antes de Noitarenga canda Luís Martul, recibiu formación do autor d'O ser e o acontecemento entre 1973 e 1976. Lembra os tabiques estreitos da Ecole Normale Supérieure e o histerismo da aula lindeira, onde impartía Gilles Deleuze. Daquel París post-68, Araújo fai memoria e describe os días militantes ou a Badiou encabezando unha delegación de alumnos pechados no reitorado. Da súa man, en edición non venal e con tradución de Luís García Soto, vén de saír Dez teses sobre ética.

Pero a audiencia de Alain Badiou, o pensador radical e ocultado, medrou nos últimos tempos. Os seus textos só agora chegan ás librarías en castelán (as versións españolas pertencían, sobre todo, ao ámbito latinoamericano) e fano na face máis política do filósofo. "A Badiou acontécelle como a Aristóteles, e dígoos con todo o peso das palabras", apunta Sampedro, "que realizan unha obra esotérica, para os filósofos, e outra exotérica, para a república".

E, no entanto, o traballo político de Alain Badiou non se disocia do estritamente filosófico.

A categoría de acontecemento salta dun ao outro. "Ou o recoñecemento dunha apertura á universalidade do outro", engade. Na política do filósofo insurxente, ese outro é o obreiro inmigrante, e a tarefa que se marca Badiou repensar un "comunismo xenérico". A política da emancipación na súa etapa número catro, a que sucede á encetada en 1917 clausurada pola Revolución Cultural Proletaria na China de Mao Zedong na década de 70.

Libros en galego

- Pequeno panteón portátil, Laiovento, 2009.
- Alén da formalización, Noitarenga, 2005.
- A Revolución Cultural, Noitarenga, 2003.
- Para unha nova teoría do suxeito, Noitarenga, 2000.
- Beckett, Noitarenga 1997.
- ABNM, Noitarenga, 1997.
- Dun desastre escuro, Laiovento, 1995.
- Rapsodia polo teatro, Sotelo Blanco, 1994.